



# O REXURDIMENTO



# PERIODIZACIÓN:

- 1. Idade Media: s. XII-XIV**
- 2. Séculos Escuros: s. XV, XVI, XVII**
- 3. A Ilustración: s. XVIII**
- 4. Rexurdimento: s. XIX**

# CARACTERÍSTICAS

O rexurdir da literatura galega no s. XIX caracterízase:

1. Pola carencia dunha tradición literaria escrita

- NON SE COÑECÍAN AS CANTIGAS
- BEBE DA TRADICIÓN DA “LITERATURA” ORAL/POPULAR

2. Pola significación ideolóxica = COMPROMISO

# CONTEXTO

- A pobreza, a emigración, e a marxinación que sofre Galicia propician a aparición do **rexionalismo**, movemento que defendía as características particulares de Galicia e reclamaba para ela certo grao de autonomía.
- Os rexionalistas participaron en numerosas actividades políticas e culturais.


Neste contexto, escribir en galego implica dignificar e reivindicar as peculiaridades galegas.

- O xénero máis empregado será a **poesía**.

# AS FIGURAS FUNDAMENTAIS

- 1. Rosalía de Castro**
- 2. Curros Enríquez**
- 3. Eduardo Pondal**





**ROSALÍA DE CASTRO** |

# ROSALÍA DE CASTRO

- Nace en Compostela en 1837.
- A súa nai era unha fidalga solteira e o seu pai un membro do clero.
- Pasa a súa infancia cunha tía no mundo rural = COÑECEMENTO
- En 1850 trasládase coa nai a Santiago, ambiente intelectual.
- En 1856 vai vivir a Madrid, onde coñece a Murguía e casan.
- Continuos desprazamentos, penurias económicas, morte de 2 fillos.
- En 1871 volve a Galicia.
- Morre en Padrón en 1885 debido a un cancro.



# ROSALÍA DE CASTRO: OBRA

Aínda que tamén ten obra en castelán, imos centrarnos nas súas obras en galego:

**1. Cantares Gallegos (1863)**

**2. Follas Novas (1880)**



# ROSALÍA DE CASTRO: CANTARES GALLEGOS

- Constituído por 36 poemas.
- Aínda que ten un marcado carácter folclórico/popular, influencias cultas e actitude de protesta
- Poden distinguirse as seguintes temáticas:
  - Costumista, amorosa, intimista e socio-patriótica.
- Un século despois a data que figura na dedicatoria (17 de maio) será escollida para conmemorar anualmente o “Día das Letras Galegas” polo seu gran valor simbólico.

# ROSALÍA DE CASTRO: FOLLAS NOVAS

- Escrito durante a época na que viviu en Simancas (Castela).
- Distínguense dous núcleos temáticos básicos:
  - a) subxectivo = PERSOAL
    - *Vaguidades* (I)
    - *Do íntimo* (II)
  - b) obxectivo = SOCIAL/COLECTIVO
    - *Da terra* (IV)
    - *As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos* (V)

○ apartado III (*Varia*) serve de ponte entre estes dous núcleos.

# A SAUDADE

- En *Follas Novas* percíbese unha concepción pesimista e angustiada da vida.

substantivo feminino

Literatura e Filosofía Sentimento profundo no que o suxeito vive unha perda ou experimenta unha aguda nostalxia de algo xa vivido e que considera desexable

# ROSALÍA DE CASTRO: A LINGUA

“Sen gramática nin regras de ningunha clase o lector atopará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disonarán aos oídos dun purista; pero ao menos, e para desculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo...”

Prólogo de *Cantares Gallegos*

Debido á precaria situación do galego da época, son frecuentes:

- Os vulgarismos: *probe, espranza, dreito...*
- Os hiperenxebrismos: *concencia, pacencia...*
- Os castelanismos: *dicha, aunque, dios, conexo...*
- As vacilacións:
  - Léxicas: *dor/dore/delor, soedad/soidás/soidades, frois/froles/frores...*
  - Morfolóxicas: *irmáns/canciós, mortais/azúes*

# PARA COMPLETAR A SÚA ESCOLMA:

*Catalán de Cataluña,*

*Barbas de conexo manso,*

*¿por qué non dás ó gallego*

*unha hora de descanso?*

# A NEGRA SOMBRA

Para uns, o símbolo da *negra sombra* rosaliana é a nai, a nai que abandona á filla na súa máis tenra infancia e pospón o amor materno ás comenencias sociais. Para outros é o pai quen simboliza a *negra sombra*, o pai sacrílego, o pai sacerdote, o pai que enxendrou á filla no pecado e situouna a ela na picota da sociedade. Hai tamén a versión segundo a cal a *negra sombra* rosaliana simbolizaría a lembranza do poeta Aurelio Aguirre, que morreu afogado o 30 de xullo de 1858 nunha praia coruñesa e de quen se ten chegado a dicir que estivo namorada Rosalía de Castro.

Díme tú, ser misterioso,  
que en mi ser oculto moras,  
sin que adivinar consiga  
si eres realidad o sombra,  
Angel, mujer o delirio,  
que bajo distintas formas  
a mis ojos apareces,  
con la noche y con la aurora  
y a todas partes me sigues  
solícita y cariñosa,  
y en todas partes me buscas,  
y en todas partes me nombras,  
y estás conmigo si velo  
y si duermo en mi reposas  
y si suspiro, suspiras,  
y si triste lloro, lloras ...

*Cando penso que te fuches,  
negra sombra que me asombras,  
ó pé dos meus cabezales  
tornas facéndome mofo.*

*Cando maxino que es ida,  
no mesmo sol te me amostras,  
i eres a estrela que brila,  
i eres o vento que zoa.*

*Si cantan, es ti que cantas,  
si choran, es ti que choras,  
i es o marmurio do río  
i es a noite i es a aurora.*

*En todo estás e ti es todo,  
pra min i en min mesma moras,  
nin me abandonarás nunca,  
sombra que sempre me asombras.*

*(Rosalía De Castro)*

# MÁIS MATERIAL:

[Unidade didáctica sobre Rosalía](#)

[Cantares para Rosalía](#)

[Luz Casal - Negra Sombra](#)

[Carta a Eduarda](#)

[A prosa de Rosalía](#)





**EDUARDO PONDAL** |

# VIDA

- Nace en Ponteceso en 1835 = SIMBIOSE ESPAZO E A SÚA OBRA
- Familia de orixe fidalga, queda orfo de nai ao ano de nacer.
- Recibe unha formación clásica latina.
- Estuda Medicina en Santiago, ambiente intelectual
- En 1856 asiste ao Banquete de Conxo: discurso revolucionario
- En 1867 coñece por medio de Murguía os poemas de James Macpherson = CELTISMO
- Apenas exerceu como médico. Viviu na casa paterna con frecuentes viaxes á Coruña = librería de Carré ou Cova Céltica = O BARDO
- Morre en 1917



# A SÚA OBRA

Adoita dividirse a súa obra en dúas vertentes temáticas:

A) POESÍA CÍVICA, POLÍTICA ou PATRIÓTICA

Conflúen o **celtismo** , o **helenismo** e o **bardismo**.

B) POESÍA LÍRICA

Hai que salientar dous elementos recorrentes: **paisaxe** e **muller**.

# POESÍA CÍVICA

- **Celtismo:**

Para argumentar a favor da independencia política e cultural de Galicia, Pondal busca un pasado mítico celta.

Está influída polas teorías históricas da época, que lle condencían unha excesiva importancia á pegada celta.

O único heroe documentado co que conta: Breogán.

Os outros heroes son inventados e deulles nomes de orixe toponímica.

- **Helenismo:**

Son frecuentes as referencias aos valerosos guerreiros gregos de virilidade rexa e ética espartana.



- **Bardismo**

*Bardo: Antigo poeta celta da clase sacerdotal que cantaba as fazañas dos heroes e dos deuses e recollía tradicións relixiosas.*

A idea que Pondal ten de si mesmo é a de bardo que instrúe e dirixe ao seu pobo escravizado cara á liberdade.

“Oh! Quen morrer puidera,  
Coma o forte Leónidas;  
Envolto en duro ferro,  
Noutras duras Thermópilas;  
Por unha patria escura,  
De escravos e de ilotas.”

# POESÍA LÍRICA

- **A natureza**
  - ✓ Trátase dunha paisaxe áspera e esquiva.
  - ✓ Polos topónimos pode situarse na comarca de Bergantiños.
  - ✓ A presenza do home é escasa (castro, dolmen...)
  - ✓ Figuras idílicas e sempre libres: mariñeiro, cazador...

# A MULLER EN PONDAL

A concepción da muller maniféstase de xeitos contrapostos:

## **A) Idealización platónica:**

O home, galante cabaleiro, debe rendir culta á muller idealizada.

“Eu sei dunha doce meiga  
Por quen teño admiración,  
Que decote me ten preso  
Na súa doce prisión.”





## **B) Obxecto sexual**

A consideración da superioridade do home fronte a muller é un elemento fundamental do pensamento patriarcal e pondaliano.

Os atributos femininos son: brando, escravo, covarde, pequeno, estreito, submisa, vil, doce... fronte a férreo, duro, forte, viril.

# ESTILO

**1. Hipérbato:** Consiste na alteración da orde lóxica ou normal da frase.

Ex: *Non des a esquecemento / da inxuria o rudo encono.*

**2. Lítote:** Figura que consiste en afirmar un concepto negando o seu contrario.

Ex: *barba non coidada.*

**3. Símil:** Nel establécese unha relación de semellanza entre un termo real (TR) e un termo imaxinario (TI), enaltecedor ou degradante, co que se compara o primeiro. Debe estar expreso o nexo comparativo *como* ou *coma* (ou outro que o substitúa: *o mesmo que, semellante a, tal que, parece, cal...*)

Ex: *arrastrando infames cadeas / cal brandos ilotas.*

# A LINGUA

## 1. Presenza de numerosos cultismos:

Coa intención de darlle un aire distinguido ao galego, selecciona o léxico evitando vulgarismos e introducindo cultismos de orixe grega.

## 2. Predominio do ditongo *ui* fronte a *oi*: *escuitar, noite, muito*

## 3. Atención á eufonía e á sonoridade:

- Esdrúxulas: solemnidade e rotundidade

Ex: *brétema, férido, belixero*

- Agudas rematadas en *-al*: claridade e resolución

Ex: *lanzal, inmortal*

# LEGADO

## A) NO ASPECTO LINGÜÍSTICO:

Converter o galego nun idioma literario moi traballado e culto.


Se lle atribúe a frase:

“Déchesme unha lingua de ferro e déixoche unha lingua de ouro”.

## B) NO ASPECTO LITERARIO:

Crear un literatura verdadeira baseada en presupostos históricos para lle devolver ao pobo galego a conciencia da identidade propia.

Ao igual que Rosalía, era consciente de que estaba dignificando a lingua, pero tomaron dous camiños moi distintos: **popular vs. intelectual.**



**CURROS ENRÍQUEZ** |

# A SÚA VIDA

Nace en **Celanova** (Ourense) en 1851.

Relación complicada co seu pai. Adoita calificarse de **figura tiránica e carlista**.

Trasládase a **Madrid** a estudar Dereito, carreira que non vai rematar => Intelectualidade galega, **círculos literarios**.

**Xornalista**: corresponsal de guerra na guerra carlista, ferido nun **accidente**.

Volve a Galicia como **funcionario** de facenda.

O bispo de Ourense calífacio de **herético**: sentenza de cárcere e **absolución** => volta a Madrid.

Emigra á **Habana** en 1884: xornalista e bases para a **Real Academia Galega**.

Morre en 1908 e os seus restos son levados a Galicia: enterro civil vs. relixioso.

# OBRA: TEMÁTICAS

## A) Temática costumista:

- Non é moi frecuente. Condicionado polo Certame de Ourense de 1877.
- Parte dun motivo tradicional pero aparece o seu compromiso cívico.
- Ex: *Unha boda en Einibó/A Virxe do Cristal/O gueiteiro de Penalta*

## B) Temática lírico-intimista:

- Composicións escasas de carácter familiar: nacemento ou morte dun fillo.
- Composicións sobre a soidade: angustia e pesimismo rosaliano.
- Ex: *Ben chegado/Ai/Sola/A Rosalía*

## C) Temática anticlerical:

**É o tema máis característico da obra de Curros e o máis escandaloso.**

# ESTILO

## **No plano morfosintáctico:**

- Anáforas, paralelismos e figuras de repetición: **CARÁCTER POPULAR**

## **No nivel semántico:**

- Ironía, apóstrofe, imaxe deformante e caricaturesca.

Estilo sinxelo sen demasiados adornos = **MENSAXE ENTENDIDA POLO POBO**



# A LINGUA

Ao igual que as outras figuras do Rexurdimento, vai construír o seu galego sobre a lingua oral, neste caso a de Celanova.

- Riqueza léxica
- Sintaxe enxebre
- Xiros populares
  
- **Transformación do copulativo e en *i* diante de vogal: i ela, i a fror...**
- **Presenza de seseo ao final de palabra monosilábica: lus, ves...**
- **Plurais do tipo *corazós***

# CONCLUSIÓNS

- Linguaxe enxebre enteiramente popular: comuñón co lector.
- Popularidade en vida da que non gozaron nin Rosalía nin Pondal.

A Rosalía

Do mar pola orela  
mireina pasar,  
na frente unha estrela,  
no bico un cantar.

E vira tan soia  
na noite sin fin  
¡que inda recei pola probe da tola,  
eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos  
que vin pasar eu,  
comesta dos lobos,  
comesta se veu...

Os ósos son dela  
que vades gardar.  
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!  
¡ai, dos que levan no bico un cantar!

No xardín unha noite sentada  
ó reflexo do branco luar,  
unha nena choraba sin trégoas  
os desdés dun ingrato galán.  
I a coitada entre queixas decía:  
"Xa no mundo non teño ninguén,  
vou morrer e non ven os meus ollos  
os olliños do meu doce ben."

Os seus ecos de malenconía  
camiñaban nas alas do vento,  
i o lamento  
repetía:  
"Vou morrer e non vén o meu ben!"

Lonxe dela de pé sobre a popa  
dun aleve negreiro vapor,  
emigrado, camiño de América  
**vai o probe, infelís amador.**

I ó mirar as xentís anduriñas  
cara á terra que deixa cruzar:  
"¡Quen pudiera dar volta, pensaba,  
quen pudiera convosco voar!..."

Mais as aves i o buque fuxían  
sin ouír seus amargos lamentos;  
solo os ventos  
repetían:  
"¡Quen pudiera convosco voar!"

Noites craras, de aromas e lúa,  
desde entón ¡que tristeza en vós hai  
prós que viron chorar unha nena,  
prós que viron un barco marchar!...

Dun amor celestial, verdadeiro,  
quedou solo, de bágoas a proba,  
unha cova  
nun outeiro  
i on cadavre no fondo do mar.